



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DEZANOVE DE ABRIL DE DOUS MIL TRECE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dez horas da mañá do día dezanove de abril de dous mil trece reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.-ADECUAR E ADECENTAR AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS "BERNARDINO BREIJO". Lida a moción presentada que se copia a continuación :
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: E por todos sabido que a práctica do deporte é beneficioso para a saúde en persoas de distintas idades. Este beneficio non é tan so no físico se non no mental, promovendo as relacións entre persoas na práctica do deporte colectivo, incentiva a competitividade, etc..As instalacións municipais "Bernardino Breijo" están destinadas a realización de actividades deportivas dende os mais pequenos os mais adultos. Estas instalacións levan varios anos nun estado lamentable, desmotivando a xente a realización do deporte no noso concello, presentando un aspecto ruinoso e en moitos casos moi perigosos. Nesta instalación das que fan uso un club deportivo, que con gran esforzo está promovendo a práctica do deporte entre os nenos e nenas do noso municipio, tendo na actualidade sobre unhas 70 fichas federativas, dende o PSdeG de Cerdido creemos que o concello ten que incentivar este traballo adecuando as instalacións as necesidades actuais. Ademais do aspecto estético como pode ser o estado das redes, das gradas, do terreo de xogo,~, súmanse unhas deficiencias que poden causar un accidente grave como é o estado da instalación eléctrica do alumeado do campo. Estas cables están a intemperie sen ningún tipo de protección e co paso dos anos agrietaron e poden dar descargas eléctricas, os cachos eléctricos ou mesmo unhas chapas con aristas vivas, que sirven de tapa a uns rexistros, nas cales é moi fácil tropezar. Para evitar o deterioro do terreo de xogo en días de choiva, creemos que sería necesario o arranxo do campo anexo. Unha boa solución sería o de cubri-lo con herba artificial, xa que valería para os envelenamentos semanais, así como o campo de xogo de fútbol 7, fútbol 8, e cabe recordar que é o sitio de xogos do colexio público. Neste campo anexo lévanse tirado bastantes canos que nunca solucionaron o problema real. Con esta alternativa solucionaríase dunha vez por todas, evitando o gasto de mantemento que ocasiona, o cal entendémolo como unha boa inversión. Dende o PSdeG de Cerdido vemos prioritarias e urxentes os seguintes puntos: 1- Cambio da instalación eléctrica e alumeado 2- A instalación da rede en todo o perímetro do campo. 3- A rexeneración do terreo de xogo, levantando o actual e facéndolle a actuación oportuna para que volva drenar. 4- Adecuar os vestiarios e duchas para os equipos mixtos. 5- O campo anexo de herba artificial. 6- O cambio das tapas dos rexistros. 7- Adecuación das gradas. 8- A instalación duns servizos a carón das futuras oficinas e mais da cantina. Por todo isto, propoñemos o pleno do concello de Cerdido a adopción do seguinte acordo: 1- Que se acometan as obras necesarias na maior brevidade posible, buscando un acordo entre grupos políticos do concello e demais partes afectadas. (Enténdase Cebarca, colexio, ANPA,..) 2- Pedir colaboración económica e asesoramento a Deputación da Coruña, Consellería de Deportes da Xunta de Galicia. INEGA, etc., para ha realización destas obras. En Cerdido, a 4 de abril de 2013. Fdo. Alvaro Rodríguez Graña. Fdo. Benigno Galego Castro. Fdo. Cándido Prieto Lago. Os membros so Pleno en votación ordinaria e por maioría

rexeitaron a proposta anterior. Catro votos a favor da moción dos concelleiros : Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande e cinco votos en contra da moción dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da alcaldesa.

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que estas instalacións levan varios anos sen investimentos importantes e que existen deficiencias como nos cadros eléctricos e nas chapas que poden ser moi perigosos. O terreo de xogo é un investimento moi importante que no seu momento non se fixo, o que se pide é o consenso para evitar que as instalacións se deterioresen mais. O estado actual da rede pode xerar que algún cativo tropece nela podéndose cambiar por unha rixida. Recentemente saíu no xornal que o Concello de Rois asinou un convenio coa Deputación para mellora as instalación do campo de fútbol por 60.000,00 €, isto é o que se solicita, un convenio coa Deputación para mellora o campo. O Concello non promove ningunha actividade deportiva, son as asociacións as que as realizan e o concello pon as instalacións, polo que polo menos, estas deben estar en boas condicións.

A alcaldesa explica que o concello fai bastante polo CEBARCA, mantén o campo, o aboa, corta o céspede, recentemente botóuselle area o campo de fora, cada ano amañase o rede do campo, facemos todo o que podemos. Este ano pedimos unha subvención á Deputación para mellorar o campo. Fai anos veuse ver o campo de fútbol de fora para poder ter un campo de herba artificial e dende a Deputación dixéronos que non tiñas as medidas. Intentarase solucionar os problemas eléctricos

O concelleiro Benigno Galego Castro entende que o Concello non colabora co Cebarca senón que mantén as instalacións municipais. O campo necesita aboarse catro veces o ano e isto non se fixo, o rego estivo estropeado moito tempo e entende que o campo de fora non se adaptaba o prego de condicións da Deputación no seu momento pero si que ten as medidas para xogar a fútbol 7. En canto a subvención de 11.000,00 euros solicitada é tirar os cartos.

O concelleiro Joaquín Eiroa explica que o outro día veu a ver o campo un representante da Federación de fútbol e dixo que se podía xogar o fútbol nel. O Cebarca pediu o ano pasado que se lle botara area e botóuselle menos da que querían e agora din que o campo ten moita area. Gustaríanos ter mellores instalacións pero haberá que facelas pouco a pouco. Respecto dos vestiarios femininos haberá que esperar para ver si as nenas continúan e entende que hai unha casetas que se fixeron para isto. No seu momento non se pediu o campo de herba artificial porque era moi caro e facía cinco anos que se amañara o campo de fútbol.

O concelleiro Joaquín Eiroa respecto a moción entende que si hai un perigo para as persoas debese acometer as obras o mais axiña posible, respecto as outras medidas, debese ter ambición porque o mantemento do campo de fútbol supón moitos cartos para o concello e entende que cando se fai un investimento debese rendibilizar.

O concelleiro Carlos Prieto intervén para manifestar que o problema de rede poderíase solucionar coa plantación de tullas, como no campo de fútbol de As Pontes

E, non habendo mais asuntos que tratar a alcaldesa remata a sesión sendo as dez horas e dez minutos do día dezanove de abril de 2013. Do que eu como secretaria dou fe :

A alcaldesa
Ana Rodríguez Montero

A secretaria
Paula Díaz Tie